

**17619** *ORDE PRE/3298/2004, do 13 de outubro, pola que se modifica o anexo IX «Masas e dimensións», do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro. («BOE» 248, do 14-10-2004.)*

A Directiva 2002/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de febreiro, pola que se modifica a Directiva 96/53/CE do Consello pola que se establecen, para determinados vehículos de estrada que circulan na Comunidade, as dimensións máximas autorizadas no tráfico nacional e internacional e os pesos máximos autorizados no tráfico internacional, exige a modificación das normas internas que regulan esta materia.

Estas normas están actualmente recollidas no anexo IX do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, e faise necesaria a súa modificación de acordo coa citada directiva. As novas normas afectan a lonxitude máxima e a manobrabilidade dos autobuses.

Por outra parte, co fin de fomentar o transporte combinado de mercadorías considerouse necesario permitir a circulación de determinados vehículos con 44 ou 42 toneladas de peso máximo autorizado en lugar das 40 xeralmente admitidas sempre que reúnan determinadas condicións.

Esta orde dítase en uso da habilitación contida na disposición derradeira terceira do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Industria, Turismo e Comercio, con informe favorable do Ministerio de Fomento e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Primeiro. *Modificacións de masas e dimensións máximas permitidas.*—Modifícase o anexo IX «Masas e dimensións» do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, da seguinte maneira:

1. Dentro do número 2 «Masas máximas permitidas», na táboa 1 «Masas por eixe máximas permitidas», modifícase o terceiro parágrafo da epígrafe «Eixe tándem dos remolques ou semirremolques», que queda redactado da seguinte maneira:

«Se é igual ou superior a 1,30 metros e inferior a 1,80 metros ( $1,30 \text{ m} \leq d < 1,80 \text{ m}$ ) (2): 18.»

Ao final da táboa 1 engádesse a seguinte nota:

«(2) Salvo para semirremolques equipados con caixa basculante reforzada para a utilización específica en construción, obras ou minaría, que será de 20 toneladas.»

2. Dentro da epígrafe 2 «Masas máximas permitidas», na táboa 2 «Masas máximas autorizadas», introdúcese as seguintes modificacións:

a) Na epígrafe «Vehículos articulados de 4 eixes», o segundo parágrafo substitúese polo seguinte:

«Vehículo de motor de 2 eixes e semirremolque no cal a distancia entre eixes sexa igual ou superior a 1,80 metros (2): 36.»

b) Na epígrafe «Vehículos articulados de 5 ou máis eixes» modifícase o terceiro parágrafo e engádesse un cuarto parágrafo; ambos quedan redactados como segue:

«Vehículo motor de 3 eixes con semirremolque de 2 ou 3 eixes que leve, en transporte combinado, un contedor ou caixa móbil pechados, igual ou superior a 20 pés e homologado para o transporte combinado: 44.

Vehículo motor de 2 eixes con semirremolque de 3 eixes que leve, en transporte combinado, un contedor ou caixa móbil pechados, igual ou superior a 20 pés e homologado para o transporte combinado: 42.»

c) Ao final da táboa 2 engádesse a seguinte nota:

«(2) Agás cando o semirremolque estea equipado con caixa basculante reforzada para a utilización específica en construción, obras ou minaría, que será de 38 toneladas, sempre que a carga imposta sobre o dispositivo de ensamblaxe sexa compatible coas masas máximas por eixe establecidas na táboa 1.»

3. Dentro do número 3 «Dimensións máximas autorizadas aos vehículos para poderen circular, incluída a carga», na táboa 3 «Dimensións máximas autorizadas», modifícanse as epígrafes relativas á lonxitude e á largura, quedando redactadas da seguinte maneira:

«Lonxitude	Metros
Vehículos de motor excepto autobuses . . .	12,00
Remolques . . . . .	12,00
Vehículos articulados excepto autobuses . .	16,50
Distancia máxima entre o eixe de pivote de enganche e a parte traseira do semirremolque . . . . .	12,00
Distancia entre o eixe do pivote de enganche e un punto calquera de parte dianteira do semirremolque, horizontalmente . . . . .	2,04
Trens de estrada (1) . . . . .	18,75
A distancia máxima, medida en paralelo ao eixe lonxitudinal do tren de estrada, entre os puntos exteriores situados máis adiante da zona de carga detrás da cabina e máis atrás do remolque do conxunto de vehículos, menos a distancia entre a parte traseira do vehículo motor e a parte dianteira do remolque . . . . .	15,65
Distancia máxima, medida en paralelo ao eixe lonxitudinal do tren de estrada, entre os puntos exteriores situados máis adiante da zona de carga detrás da cabina e máis atrás do remolque do conxunto de vehículos . . . . .	16,40
Autobuses articulados . . . . .	18,75
Autobuses ríxidos de 2 eixes . . . . .	13,50
Autobuses ríxidos de máis de 2 eixes . . . .	15,00
Autobuses con remolque, incluído este . . .	18,75

No caso de autobuses equipados con accesorios desmontables, como os portaesquis, a lonxitude do vehículo, accesorios incluídos, non excederá as máximas previstas neste número.

Largura	Metros
A largura máxima autorizada, como regra xeral . . . . .	2,55
Superestructuras de vehículos acondicionados (2) . . . . .	2,60
Autobuses especialmente acondicionados para o traslado de presos (3) . . . . .	2,60

(1) A lonxitude dos trens de estrada especializados no transporte de vehículos, circulando con carga, pódese aumentar ata un total de 20,55 metros utilizando un saliente ou soporte de carga traseiro autorizado para iso. O saliente ou soporte de carga traseiro non poderá sobresaír en relación coa carga. A carga poderá sobresaír por detrás, sen exceder o total autorizado, sempre que o último eixe do vehículo que se transporta descanse na estrutura do remolque. A carga non poderá sobresaír por diante do vehículo de tracción.

(2) Un vehículo acondicionado é calquera vehículo cuxas superestructuras fixas ou móbiles estean parcialmente equipadas para o transporte de mercadorías a temperaturas dirixidas e no cal a espesura de cada parede lateral, incluído o illamento, sexa de 45 mm como mínimo.

(3) Enténdese por vehículo tipo autobús, especialmente acondicionado para o traslado de presos, o constituído por un compartimento central para celas separado do dianteiro (condución e escolta) e traseiro (escolta), así como por un corredor central.»

4. Dentro do número 3 «Dimensións máximas autorizadas aos vehículos para poderen circular, incluída a carga», no punto 3.2.2, incorpórase a continuación un novo punto 3.2.2 bis co seguinte contido:

«3.2.2 bis. Outros requisitos aplicables aos autobuses:

Cando o vehículo estea parado, determinará, trazando unha recta no chan, un plano vertical tanxente respecto do costado do vehículo orientado cara ao exterior do círculo. No caso dun autobús articulado, as dúas partes rixidas deberán aliñarse co dito plano.

Cando, ao manobrar en liña recta, o autobús entre na superficie circular descrita no punto 3.2.2, ningunha parte del excederá en máis de 0,60 m ese plano vertical.»

Segundo. *Autobuses matriculados antes da entrada en vigor desta orde.*—Os autobuses matriculados antes da entrada en vigor desta orde poderán circular ata o 31 de decembro de 2020.

Terceiro. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 13 de outubro de 2004.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Excmos. Sres. Ministros do Interior e de Industria, Turismo e Comercio.

**17701** *REAL DECRETO 1975/2004, do 1 de outubro, polo que se modifica a regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, circulación e comercio do pan e pans especiais, aprobada polo Real decreto 1137/1984, do 28 de marzo.* («BOE» 249, do 15-10-2004.)

A regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, circulación e comercio do pan e pans especiais, aprobada polo Real decreto 1137/1984, do 28 de marzo, modificada por última vez mediante o Real decreto 1202/2002, do 20 de novembro, inclúe os «grisinos» entre os pans especiais enumerados no seu artigo 7.11.

Porén, a denominación «grisinos» foi usada en España soamente como marca dun produto concreto e está rexistrada desde 1947 co número 0205311, segundo resulta dos datos rexistrados da Oficina Española de Patentes e Marcas. Por iso, débese modificar a citada regulamentación técnico-sanitaria, de modo que o termo «grisinos» non sexa utilizado como denominación xenérica dun tipo de pan especial.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Por outra parte, na súa tramitación foi sometido á consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos sectores afectados. Así mesmo, emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de outubro de 2004,

D I S P O Ñ O :

Artigo único. *Modificación da regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, circulación e comercio do pan e pans especiais.*

Modifícase o número 11 do artigo 7 da regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, circulación e comercio do pan e pans especiais, aprobada polo Real decreto 1137/1984, do 28 de marzo, que queda redactado do seguinte modo:

«7.11 Por razóns dos seus ingredientes adicionais, ademais da súa forma externa ou o procedemento da súa elaboración son tamén pans especiais os seguintes: “pan biscoitado”, “pan doce”, “pan de froitas”, “pauciños”, “bastóns”, “pan ácimo” e outros.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**17702** *REAL DECRETO 1976/2004, do 1 de outubro, polo que se establecen as normas zosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.* («BOE» 249, do 15-10-2004.)

A normativa comunitaria reguladora dos requisitos de sanidade animal exixibles no que se refire aos produtos de orixe animal destinados a consumo humano, incluída a súa importación, foi profundamente modificada mediante a Directiva 2002/99/CE do Consello, do 16 de decembro de 2002, pola que se establecen as normas zosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, a fin de, principalmente, harmonizar as diversas disposicións xerais, establecer procedementos que impidan a introdución ou propagación de epizootias na Unión Europea e prever a organización de auditorías e inspeccións comunitarias para garantir a aplicación uniforme das disposicións de sanidade animal.

Mediante este real decreto incorpórase ao noso ordenamento a citada Directiva 2002/99/CE.

Este real decreto foi sometido á consulta das comunidades autónomas e dos sectores afectados, e ao informe da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria e do Ministerio de Administracións Públicas.